

VIEIROS

Tempos Novos

Xestionado por [Tempos Novos](#)

SEN CORSE

Pornografía india

Vou ao hotel buscar a cámara de vídeo, dixer. Ademais estaba a calor. A suor. O ruído dos ventiladores. A lúa correndo pola avenida. Como non podía ser doutro xeito, vin vir o tópico erótico mesmo antes de xirar a cabeza, absolutamente segura de que o Indio viña detrás. Ás veces penso que se me converten en verdade as cousas que escribo, que os personaxes me saen dos relatos dispostos a retarme: A que non es capaz de... Un relato erótico de **Inma López Silva** ilustrado por **Santi Jiménez**.

- 13:52 24/01/2007

Ás veces encántame pórme pornográfica: desde que vin o Indio, non foi a suor o único que me mollou o corpo. Se soubese escribir novelas, igual aprendía literatura erótica e conseguiría vivir dela, así que para ir practicando, mirei atrás coa esperanza de que o Indio estivese alí. Efectivamente, había algo protuberante que o precedía. Ás veces non sei escribir sen eufemismos.

Non o esperei. Gustoume imaxinarme camiñando co paso das actrices cando se saben irresistíbeis. A pesar da suor, a pesar das dúas lorzas de graxa que me rodean o corpo, o Indio viña detrás, mirándome o cu, achegándose. Se fose tónica, diría que alí, na Recepción do hotel, mentres o conserxe adurmiñado me desenganchaba a chave 211, notei o olor do Indio, e o seu pelo. Sobre todo, o pelo na pel. Son tónica, seino.

Enganchoume no ascensor, pero non lle deixei tocarme. Nun metro cadrado, cada un nun extremo, mirámonos como miran nas películas porno, e deume a risa. Supoño que, por dentro, el tamén riu. En canto se abriu o ascensor e puxen os pés fóra, o Indio agarroume do van, apertouse contra as miñas costas, mordeume o colo por tras das orellas, pasoume a lingua pola caluga e comezou a baixar unha man polo meu corpo, esvarando na suor, desde o pescozo, rozándome os peitos, apertando na parte baixa da barriga. Non ías coller a cámara?, murmuroume no oído mentres me apertaba forte, para que eu o notase teso, onda a nádega. Quixen dar a volta para miralo, pero non me deixou. Separouse e, cun dedo xusto no medio e medio da columna vertebral, animoume a ir cara á 211. Se escribo isto, pensei con alegría, convertereime na escritora erótica da narrativa galega para o resto dos tempos. Igual así, malia as lorzas de graxa, malia o nariz e malia os xeonllos feos, me converto nun mito sexual. A vida intelectual, ás veces, tamén cansa.

O Indio pechou a porta detrás de nós e, sen darme tempo a reaccionar, volveu agarrarme desde atrás cunha man arredor do van e outra a piques de estrangularme, obrigándome a avanzar coas pernas súas por detrás das miñas. Xa na parede, a man do van apareceume de súpeto por baixo do vestido, tocándome entre as pernas, investigando graos de calor e de humidade por riba das bragas, camiñando cos dedos sobre as

gomas, xogando a entrar e saír da pel e da tea ata que se desfixo das Calvin Klein de algodón gris, esas que poño cando vou escribir relatos eróticos.

Entón xireime. As ganas de quitarlle a camiseta non me deixaron vivir desde pola mañá, cando o vin achegarse ao bar onde almorzaba tranquilamente, lendo o xornal, antes de imaxinar a posibilidade de converterme nunha estrela do erotismo literario na Galicia postautonómica. Tiña o corpo estraño que teñen os indios e, sobre todo, tiña esa pel. Parei un momento para miralo semiespido, os vaqueiros abertos; acto seguido, paseille o índice polo medio do peito e despois a lingua; entretanto, el tirou polo vestido, ergueume os brazos e quedei núa diante del. Os indios sempre están no seu punto de sal.

Para deixarse facer, hai que fechar os ollos. Sentín, daquela, que o Indio me lambía os pezóns coa punta da lingua e que ía baixando ata ulirme na humidade do sexo, abríndome as pernas coa cabeza, acariñándome as coxas co pelo. Coa súa pel, o pelo do Indio foi o primeiro que imaxinei facéndome cóxegas na barriga, cando sentou fronte a min na mesa do almorzo e me deu un calafrío, malia a calor. Un calafrío coma o do momento no que me tirou na cama, volveu morderme a caluga e dixo Queda así, quero filmarte.

Primeiro pasoume o obxectivo polas costas, pola cara interna dos brazos. Saltou aos talóns, aos xemelgos duros que me quedaron de cando fun patinadora, e parou a cámara alí no medio, a enfocar-me os dedos xogando a entrar e saír, a mollarse e secarse despois coas sabas azuis, imaxe de marca da hotel. Dei a volta e alí seguía a cámara, desta vez filmando os dedos del. Seguramente tamén me gravou xemendo se é que non esqueceu activarlle o volume. Foi entón que a cámara caeu no chan, cadrando co momento en que me investi con todo aquilo que o precedía desde o almorzo, desde a rúa, no ascensor. Noteino fregando en tódalas paredes, tocándome botóns de pracer e abríndome o apetito, mentres coas mans me rascaba os ombros e coa boca me chupaba unha teta ata mancarme.

O relato completo, na edición impresa de TEMPOS Novos (xaneiro de 2007, nº 116)